




Universidade do Minho

Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DO PORTO



## **DOUTORAMENTO en MATEMÁTICAS e APLICACIÓNS**

### **Acta**

Ao vixésimo sexto día do mes de febreiro de 2025, ás catorce horas PT (quince horas ES), reuniuse por videoconferencia a Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Matemática e Aplicacións, constituída polo Director o Profesor Manuel Ladra González, Vice-Director o Profesor Alberto Pinto, e os membros Profesora Regina de Almeida, Profesora Rita Gaio, Profesora María Victoria Otero Espinar, Profesora Lucile Vandembroucq, Profesor Miguel Brozos Vázquez e o Profesor Ramón González Rodríguez, xustificando a súa ausencia os Profesores Ana Jacinta Soares, Paula Catarino, Iván Area Carracedo e Xabier Domínguez Pérez, actuando como secretario accidental o Profesor Ramón González Rodríguez, por ausencia da Profesora Paula Catarino. A reunión tivo seguinte orde de traballo:

Primeiro punto: Aprobación do borrador de memoria do Programa de Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións para adaptalo á nova regulamentación: cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, do 4 de xullo, que modifica o RD 99/2011 que regula vos estudos de doutoramento e adaptación dúas regulamentos das tres universidades galegas (USC, DOG 30/08/2024).

Acórdase por unanimidade aprobar o borrador da memoria do Programa de Doutoramento en Matemáticas e Aplicación das Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Porto, Minho e Trás-os-Montes e Alto Douro, para a súa implantación no curso 2026–2027.

Segundo punto: Aprobación do plan de investigación do estudante Nelson Filipe Sá Costa.

A Comisión Académica decidiu rexeitar por 5 votos en contra e 2 abstencións o Plan de Investigación titulado *Applying Machine Learning to Analyse the Interaction between Gut Microbiota and Mental Health* do estudante Nelson Filipe Sá Costa, xa que o tema de investigación que expón é moi ambiguo, pouco concreto e practicamente sen contido matemático.

Terceiro punto: Aprobación dun terceiro director de doutoramento do estudante Pedro Reyes Norambuena.

A Comisión Académica decidiu aprobar por unanimidade ao terceiro Director de Tese do estudante Pedro Reyes Norambuena ao professor Sarfaraz Hashemkhani Zolfani, Associate Professor, School of Engineering, Universidad Catolica del Norte, Coquimbo, Chile.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 17:10 horas PT (18:10 horas ES) do día citado, e redactada a presente acta que tras lida será asinada polo Director e Vice-Director da Comisión Académica do Programa de Doutoramento, e por Ramón González Rodríguez, que actúo como secretario.

Vigo, 26 de febreiro de 2025.

Manuel Ladra González	Alberto Pinto	Ramón González Rodríguez